

A amplitude de atribucións que a lexislación outorga ó reitor e a condición de bicampus da USC determinaron que por RR do 7 de xullo de 2006 (DOG 8-8-06) se delegasen ao xerente determinadas competencias en distintas materias e que por RR do 8 de xuño de 2004 (DOG 21-6-04) se realizase unha encomenda de xestións administrativas no vicexerente do campus de Lugo, en aplicación do previsto nos arts 13 e 15 respectivamente da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC).

A conveniencia de realizar unha tramitación administrativa axil, rápida, eficaz e eficiente determina que en ocasións a sinatura de determinadas actuacións administrativas se vexa ralentizada pola imposibilidade material das persoas que as teñen delegadas ou encomendadas.

A nova estrutura da xerencia da USC posibilita que se poda atender máis axilmente a tramitación dos procedementos administrativos correspondentes

Por outra banda, art. 16 da LRXAP-PAC posibilita a delegación de sinatura sen alterar a competencia do órgano delegante, coas mesmas limitacións que a delegación de competencias e sen necesidade de publicación

Por todo o anterior, esta Reitoría resolve delegar a sinatura das actuacións administrativas que correspondan ao xerente como consecuencia da RR do 7 de xullo de 2006 e ao vicexerente do campus de Lugo, como consecuencia da encomenda de xestión do 8 de xuño de 2004, de xeito automático, indistintamente nos/as tres vicexerentes/as da USC.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2006

O Reitor



Senén Barro Ameneiro